

PREGUNTA DE AER SOBRE A OFICINA DE CHAPELA

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Vista a pregunta presentada polo grupo municipal AER da seguinte tenor literal:

“Alá polo 29 de setembro do ano 2011, no pleno ordinario dese mes, a Agrupación de Electores de Redondela formulou a seguinte pregunta (texto da acta):

A parroquia de Chapela ten unha grave carencia de servizos municipais, problema que debeu ser arranzado en anteriores mandatos, entre eles, unha Oficina Municipal e a presenza da Policía Local. Son unhas das peticións que máis solicitan os veciños desta parroquia dende hai tempo, e ademais vostede ten dito que ten pensado satisfacelas.

Que data teñen prevista para a apertura de ditas dependencias municipais?

Esta pregunta foi respondida con todo luxo de detalles, como poden observar na contestación que aparece na acta de dito pleno: O concelleiro, Alvarez Ballesteros, sinala que se abrirán en breve.

Debido a que esa brevidade non aconteceu, AER volveu referirse a dito tema 5 meses despois no pleno do 29 de Febreiro do 2012, coa seguinte pregunta (texto da acta):

“Xa pasaron 5 meses dende que AER preguntou en pleno sobre a apertura dunha Oficina Municipal en Chapela, así como sobre a presenza máis a miúdo da Policía Local na parroquia.

A resposta foi que dita oficina se abriría en breve e como consideramos que xa pasou un tempo considerable volvemos a traer a pregunta a pleno.

Que data teñen prevista para a apertura de ditas dependencias municipais?”

A resposta desta vez foi un pouco mais extensa pero, visto o acontecido, coa mesma veracidade que a anterior: O concelleiro Pazos Couñago responde que se está tratando de corrixir deficiencias. Se deu orde á policía de que unha das patrullas faga servizo en Chapela. En canto á oficina de rexistro hai que compatibilizalo co de Redondela e a adxudicación do servizo informático farao posible”.

Dende a nosa agrupación cremos que, despois de case un ano e medio, xa tiveron tempo dabondo para solucionar eses problemas, o que nos fai pensar que o principal atranco pode ser a deixadez do equipo de goberno. Se non é así, gustaríanos que nos aclarase a seguinte cuestión:

Que medidas adoptou a día de hoxe o Concello para dotar á parroquia de Chapela cunha oficina municipal e, no seu caso, cando teñen previsto a súa apertura para uso dos veciños de Chapela e parroquias veciñas?

O concelleiro Alvarez Ballesteros di que ten razón pero en canto se aproben os presupostos hai un compromiso de levar o tema adiante. Está no seu programa electoral e o van a cumprir.